



## ROBERTO VIDAL BOLAÑO

O Día das Letras Galegas deste ano 2013 está dedicado a unha figura central da literatura e do teatro galegos.

Roberto Vidal Bolaño naceu en Santiago de Compostela en 1950.

Destacou pola súa dramaturxia, mais tamén pola súa achega ao daquela emerxente audiovisual galego e pola súa implicación na profesionalización dun teatro propio e na lingua propia de Galicia en que participou como actor, como director, como iluminador...

Faleceu en Santiago Compostela no 2002.

O recoñecemento artístico de Roberto Vidal Bolaño non se produciu até os anos noventa, coa obtención de premios como o Rafael Dieste, o Álvaro Cunqueiro, o Xacobeo 92, o Eixo Atlántico, ou o María Casares..., converténdose nun dos referentes do teatro galego tanto na súa faceta de autor como de actor e director.

Influído especialmente por Valle Inclán, as súas obras recollen e mesturan as correntes estéticas do realismo, o simbolismo, o surrealismo e o expresionismo.

En maio de 2013, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) da EOI de Pontevedra, en colaboración co Concello de Pontevedra, organizou o “IV Certame de Microrrelato en galego”. Neste certame, as persoas participantes debían redactar, *in situ* e durante un máximo de dúas horas, un relato que non superase as 150 palabras, empregando obrigatoriamente os termos *alacrán*, *enferruxar* e *rouco*, que foran elixidos ao chou.

Na presente publicación ofrecemos os textos premiados neste certame para que goceades coa súa lectura.

Queremos agradecer a axuda do profesorado dos distintos departamentos da Escola que colaborou como xurado. Tamén queremos agradecerlles o seu esforzo a todas as persoas que participaron no certame e recoñecer o imprescindible apoio económico do Concello de Pontevedra.

Equipo de Dinamización da Lingua Galega  
da EOI de Pontevedra



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Deseño e maquetación  
Pichel

## IV CERTAME DE MICRORRELATO EDLG DA EOI DE PONTEVEDRA 2013

E	S	C	O	L	A	V	I	D	A
C	E	A	R	I	R	A	N	O	R
A	I	M	A	R	A	O	C	N	T
S	T	T	R	E	N	C	U	A	E
A	A	L	B	N	A	A	B	C	X
E	A	A	L	F	I	L	O	B	O
T	M	M	I	E	S	E	R	E	I
R	A	E	N	R	A	I	T	N	D
E	D	I	A	R	S	O	E	A	I
V	O	X	T	U	N	A	L	N	O
L	R	A	S	X	E	N	T	E	M
O	E	A	L	A	C	R	A	N	A
S	S	L	F	R	E	I	N	O	S
E	I	M	E	N	I	Ñ	A	S	D
R	E	A	M	I	G	A	D	A	O
S	A	C	O	T	A	X	I	P	M
A	C	E	S	T	O	D	A	O	U
E	O	N	A	M	A	R	R	O	N
T	R	A	F	E	G	A	R	L	D
A	A	R	O	S	E	I	R	A	O

1º premio Evelio E. Sánchez Juncal

## DEIXÁDEME DURMIR

Repetiu un ritual sen sentido, mirou o reloxo da casa ao final da costa e baixou cara á Pedreira. *O Pino* pechou hai tempo, esperou no banco ao pé do muro.

Caro lle custara recoñecelo cando contestou o móbil. A súa voz enferruxada polo tempo espertou, con aquel ton rouco, a quen durmía no fondo do seu pasado.

- Estou na casa.

Non cabían "olas" nin "como estás?". Demasiados sobreentendidos. Demasiados silencios antes e demasiado ruído despois. Todo estaba dito, xa, tempo atrás.

Case unha sombra por baixo do arco. Podía sentir o seu cheiro dende o outro lado da praza. Suor, tabaco e tempo. Todo mesturado. Pantalóns *pitillo* dentro das botas vellas e a camiseta dos *Scorpions* co alacrán destinxido. Na cara máis noites que días e, imprescindible, un Ducados nos beizos.

Ás apalpadas, procurou no peto e apertou a navalla con forza antes de o bicar.

2º premio Rufino Núñez Iglesias

## A COVA

Aquela furna submarina estaba vixiada por dúas moreas de fauces ameazantes...

O amor da súa vida entrara en crise case ao mesmo tempo en que descubrira aquela cova.

Só cando estaba subido á chalana que o levaba ata o cantil da Gran Illa poñía en orde as súas teimas e os seus sentimentos; e, cun fío de esperanza, achegábase ao acantilado con coidado de non tocar nos baixíos, preto daquela costa tan rochosa; como se así evitase as fendas do seu amor ao mesmo tempo que as do barco.

Sempre que baixaba, mergullábanse con el todas as ameazas, todos os atrancos, todos os problemas. Naquel submundo ía deixando lastre e volvía lixeiro á superficie. Co paso do tempo, aquel amor enferruxado e rouco, gastado pola rutina, foise trocando en veneno de alacrán... e no máis fondo daquela escura cova foi atopar o antídoto.

3º premio M. Isabela Mora Bogado

## MORCILLAS CO MEU SANGUE

As miñas mans suaban, mais os dedos tíñaos xeados.

O brazo doíame coma se un alacrán puxese nel as súas tenaces.

Eu emitía uns poucos sons, como de "ai!", de "ui!", rouca.

Todo daba voltas, ollei para arriba, para abaixo e para ela, se cadra a agulla podería estar enferruxada!

Tentei gritar, mais o medo déixame case sen voz, ás veces.

Un, dous, tres, catro frascos contei.

-Déixese de tanta parvada, levántese e deixe a cadeira baleira para outro paciente- díxome a enfermeira.

Cando camiñaba polo corredor agarrada ao algodón do brazo dereito, dixen para os meus adentros:

-Para que quererá esta xente tanto sangue?